



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo
Xuventude e Promoción da Lingua



Non son rutas de sendeirismo, son moito máis!



Asegúrate das condicións de cada excursión

Descubre as Terras de Auga e Cultura!

**Trinta e cinco rutas pola zona rural de Lugo e os concellos limítrofes
para coñecer o patrimonio natural, arquitectónico e cultural
que se conserva nas nosas parroquias**

Funcionamento das visitas

- O programa inclúe un total de 35 rutas que se desenvolverán desde o 10 de abril ao 18 de decembro de 2016 os domingos (excepto o 19 de xuño, por coincidir co Arde Lucus, e o 9 de outubro, por ser San Froilán).

- Horario das rutas de 10:30 a 19:00 h. de abril a outubro e de 10:30 a 18:00 h. nos meses de horario de inverno. Dependendo de que se desenvolvan actividades especiais, como algún concerto, podería modificarse o horario para adaptarse a esta actividade, retrasándose a saída ou a volta. Teñen horario especial, só de mañá, cinco andainas de xeoloxía que se realizan polo recinto histórico de Lugo.

- O punto de saída e de regreso será o treito peonil da rolda da Muralla, á altura da porta do Bispo Aguirre.

- O sistema de inscricións será a través da Oficina Municipal de Turismo, con prazo límite para inscribirse fixado ás 14:00 h. do día anterior á celebración da excursión.

- O número máximo de excursionistas será de 35 persoas.

- As excursións son gratuítas, excepto os menús do xantar, que sempre corren a cargo dos participantes e calquera outra actividade que poida ser de pago, como visitas a centros de interpretación ou museos.

- Nas excursións que se estableza xantar de campo, os participantes deben levar comida e bebida.

- Ademais, recoméndase levar roupa e calzado cómodos para camiñar e adaptado ás condicións meteorolóxicas, así como elementos reflectantes pola súa seguridade, pois hai treitos das andainas que se fan por estradas. Tamén é necesario levar sempre bebida.

- Das trenta e cinco excursións, precísase autobús para 27 delas, pois hai cinco de xeoloxía polo recinto histórico de Lugo e proximidades, dúas de arquitectura e deseño e unha de patrimonio nas que se fai o percorrido a pé.

- No caso de que se teña que suspender algunha ruta por circunstancias imprevisibles no momento de programalas, como sería o caso de tempo atmosférico moi adverso ou de falta de persoas inscritas, a excursión adiarase para outra data.

Temáticas das visitas

1. Xeoloxía:

Viaxe polas parroquias de Terras de Auga e Cultura centradas nas características xeolóxicas que presenta o terreo. Ademais da andaina dirixida e comentada por un xeólogo, desenvolveranse actividades didácticas dirixidas a tódolos públicos. O obxecto é que os participantes coñezan os distintos tipos de pedras e rochas que configuran a paisaxe, e os distintos períodos xeolóxicos que se poden recoñecer e os distintos usos que se lle da á pedra na terra galega.

2. Bioloxía:

As excursións centradas na natureza afondarán nas características da fauna e da flora, extraordinariamente rica nas parroquias que forman parte de Terras de Auga e Cultura. Estas marchas servirán para que os participantes coñezan os elementos que configuran nosa natureza. Como se van facer ao longo de todo o ano, poderán detectar tódolos cambios que se producen durante as estacións e, sobre todo, servirán para transmitir a responsabilidade de tódalas persoas na conservación do medio.

Ao igual que as rutas xeolóxicas, estas excursións tamén combinan o sendeirismo con actividades didácticas como estudo da flora autóctona ou avistamento de aves e outras especies de animais.

3. Antropoloxía e etnografía:

Estas andainas están centradas en aspectos como a arquitectura tradicional, os usos da terra, a xerarquización do espazo das parroquias, a influencia do

home na paisaxe, os vellos oficios vivos...

O obxectivo destas visitas é recuperar tradicións populares do agro lugués, coñecer as actividades económicas que perviven na zona rural como obradoiros de artesáns e descubrir aspectos da etnografía do territorio.

4. Patrimonio histórico-artístico:

Estas visitas teñen un carácter máis tradicional, serán conducidas por unha guía oficial de turismo que afondará en temas relacionados co patrimonio histórico que se conserva nestas parroquias. Moito deste patrimonio foi identificado no plan de sinalización que se levou a cabo os anos 2013 (Terras de Auga e Cultura) e 2015 (Ribeira alta do Miño).

Estas son visitas comentadas pola guía e inclúen andainas polas distintas parroquias e visitas a lugares de interese cultural, como o templo de Santalla de Bóveda e as distintas igrexas rurais.

5. Arquitectura e deseño:

Resulta fundamental para poder apreciar a riqueza do patrimonio arquitectónico que se conserva, na zona rural. Abórdaranse aspectos da arquitectura e da configuración do territorio que axudarán a coñecer as técnicas arquitectónicas que definen os diferentes exemplos de construción tradicional que podemos atopar nas parroquias lucenses e dos municipios colindantes, como a arquitectura popular, a relixiosa ou a civil. Ademais, facilitarán coñecementos básicos sobre a configuración do territorio.

e x c u r s i ó n s

TERRAS DE AUGA E CULTURA

2 0 1 6

CALENDARIO

ABRIL

ARQUITECTURA E DESEÑO

ARQUITECTURA TERRITORIAL:
DENDE O SANTUARIO RURAL
ATA O SÉCULO XIX

Data: 10/04/2016
Itinerario: Rábade (Casa das Insuas) // A Feira // Penas de Rodas.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante, en Rábade.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

ELEMENTOS SIMBÓLICOS
NA TRADICIÓN XACOBEA

Data: 17/04/2016
Itinerario: Regueiro dos Hortos // Soutomerille // Castroverde // Vila-bade.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.

NATUREZA

RUTA DA FERVENZA
Data: 24/04/2016
Itinerario: Percorrido á beira do río Miño desde o río Rato ata a Casa Grande da Fervenza.
Distancia: 17 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

MAIO

XEOLOXÍA

OS CAZADORES DE MINERAIS
Data: 01/05/2016 das 11.30 ás 14.30 horas aprox.
Itinerario: Praza Maior // Horta do Seminario // Santa María // Pío XII // Praza do Campo // Armanyá // Soidade // Santo Domingo.
Distancia: Ruta urbana, no recinto histórico de Lugo.
Observacións: Fácil; accesible a persoas en cadeira de rodas. 

PATRIMONIO

A RIBEIRA ALTA DO MIÑO
E AS PEGADAS DA PREHISTORIA
Data: 08/05/2016
Itinerario: Orbazai // Penarrubia // Pedrafita // O Castrillón // Adai // San Lázaro.
Distancia: 14 km.
Comer: Comida de campo. Levar comida e bebida propias.

ARQUITECTURA E DESEÑO

SONETOS Á CASA DE HORTAS.
CANDO O MAR VAI POLO RÍO.
Data: 15/05/2016
Itinerario: Insua da ponte colgante // Martul // O Piago // Robra // Santa Isabel // Outeiro de Rei // Fundación Manuel María.
Distancia: 10 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.
Observacións: Visita á Fundación Manuel María.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

PEDRAS DE LENDA:
DEUSES, COVAS E MOUROS
Data: 22/05/2016
Itinerario: Domus do Mitreo // Penas de Rodas // Pena Moura.
Distancia: 8 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

NATUREZA

RUTA DOS MAPACHES
Data: 29/05/2016
Itinerario: Percorrido a pé pola beira do río Miño desde Rábade ata Ombreiro.
Distancia: 16 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

XUÑO

XEOLOXÍA

ROTA XEOLITERARIA:
MANUEL MARÍA,
OS RÍOS E A PAISAXE

Data: 05/06/2016
Itinerario: Cospeito e ribeira alta do Miño.
Distancia: 15 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

PATRIMONIO

A RIBEIRA ALTA DO MIÑO
E AS TORRES MEDIEVAIS
Data: 12/06/2016
Itinerario: Meilán // Bocamaos // Riazón // Aez // San Paio de Narla.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de comer en restaurante.
Observacións: Visita a Santiago de Meilán.

ARQUITECTURA E DESEÑO

A RUTA DOS PESCADORES
POLA RIBEIRA ALTA DO MIÑO
Data: 26/06/2016
Itinerario: San Lázaro // Orbazai // Adai // Ombreiro // Bocamaos // Meilán.
Distancia: 21 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante en Ombreiro.
Observación: Faise todo o traxecto a pé. Non se leva autobús.

XULLO

PATRIMONIO

O CAMIÑO PRIMITIVO E SANTALLA
DE BÓVEDA
Data: 03/07/2016
Itinerario: Santalla de Bóveda // San Bartolomeu do Burgo // Bacurín // San Román da Retorta.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de comer en restaurante.
Observacións: Visita ao templo de Santalla de Bóveda.

NATUREZA

A RUTA DOS TRES RÍOS
Data: 10/07/2016
Itinerario: Gran ruta composta pola ruta dos muíños no río Mera, Miño aberto e río abaixo no río Miño e polas carballeiras do río Rato.
Distancia: 15 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

XEOLOXÍA

XEOLOXÍA EXPRESS: 100 ANOS
DA TEORÍA DA DERIVA
CONTINENTAL DE WEGENER
Data: 17/07/2016 das 11.30 ás 14.30 horas aprox.
Itinerario: Primeira parte teórico-divulgativa nos xardíns da Deputación para despois ir visitar zonas da cidade onde quedan evidencias da tectónica continental como, por exemplo, o val do Miño e do Rato, rematando nas fervenzas do Rato.
Distancia: Ruta urbana.

NATUREZA

CAMIÑO DO MIÑO
Data: 24/07/2016
Itinerario: Percorrido á beira do río Miño desde Sisoi ata Ombreiro.
Distancia: 17 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

ARQUITECTURA E DESEÑO

O VAL DO MERA
Data: 31/07/2016
Itinerario: Val do Mera // Templo de Santalla de Bóveda // Castro do Corvazal // Crecente // Vigo // Vilar.
Distancia: 10 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante en Crecente.
Observacións: Fácil; accesible a persoas en cadeira de rodas. // Visita ao templo de Santalla de Bóveda. 

AGOSTO

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

AS NINFAS DA AUGA:
FONTES CURATIVAS
NA TRADICIÓN POPULAR
Data: 07/08/2016
Itinerario: Piscina da praza de Santa María // Termas de Lugo // O Veral // Fonte das Virtudes.
Distancia: 8 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

CULTURA E TRADICIÓN
NA BEIRA DO MIÑO
Data: 14/08/2016
Itinerario: Bocamaos // paseo pola beira do Miño // Ombreiro.
Distancia: 9 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.

ARQUITECTURA E DESEÑO

O CAMIÑO PRIMITIVO. ARREDOR
DE CASTROVERDE.
Data: 21/08/2016
Itinerario: Vilabade // Castroverde // Soutomerille.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante en Castroverde.

XEOLOXÍA

LUGO EN ROCHAS
Data: 28/08/2016 das 11.30 ás 14.30 horas aprox.
Itinerario: Ronda peonil da Muralla // praza Maior // Campo Castelo // Horta do Seminario // praza da Mina // parque Rosalía de Castro // parque Marcos Cela // praza de Santa María // praza do Campo // rúa da Cruz // praza Maior.
Distancia: Ruta urbana.
Observacións: Fácil; accesible a persoas en cadeira de rodas. 

SETEMBRO

ARQUITECTURA E DESEÑO

DEBAIXO DA AUGA.
O QUE O ENCORO LEVOU.
Data: 04/09/2016
Itinerario: Paradela // A Retorta // Loio // Portomarín // O Seixón.
Distancia: 16 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante en Portomarín.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

TRAS OS PASOS DOS CASTREXOS
Data: 11/09/2016
Itinerario: Orbazai // Adai // Meilán // San Vicente de Pías // Marcoi // Coeses // Castromaior.
Distancia: 8 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

NATUREZA

RUTA DA MARRONDA
Data: 18/09/2016
Itinerario: Ruta pola fraga da Marronda, o bosque de faias máis occidental de Europa, que presenta unha ampla diversidade de flora e fauna.
Distancia: 17 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

XEOLOXÍA

RUTA XEOBOTÁNICA. AS INSUAS
DO MIÑO.

Data: 25/09/2016
Itinerario: Ruta circular das Insuas, visitando as insuas do Miño, Rábade e Outeiro de Rei.
Distancia: 7 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

OUTUBRO

PATRIMONIO

A RIBEIRA ALTA DO MIÑO
E AS PEGADAS DA PREHISTORIA
Data: 02/10/2016
Itinerario: Orbazai // Penarrubia // Pedrafita // O Castrillón // Adai // San Lázaro.
Distancia: 14 km.
Comer: Comida de campo. Levar comida e bebida propias.

ARQUITECTURA E DESEÑO

INTRAMUROS. O DESEÑO DUNHA
CIDADE.
Data: 16/10/2016
Itinerario: A Muralla Romana // Campo Castelo // Praza Maior // Praza de Santa María // Parque Rosalía // O burgo vello // O ensanche decimonónico.
Distancia: 8 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante en Lugo.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

CONTOS, PONTES E POUSADAS: A
VIDA A CARÓN DO CAMIÑO REAL
Data: 23/10/2016
Itinerario: Garabolas // Nadela.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.

NATUREZA

RÍOS PARGA E LADRA
Data: 30/10/2016
Itinerario: Viaxe a pé desde Parga, Guitiriz ata Begonte.
Distancia: 14 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

NOVEMBRO

XEOLOXÍA

PASAPALABRA DAS VERBAS
E DAS PEDRAS
Data: 06/11/2016 das 11.30 ás 14.30 horas aprox.
Itinerario: Da Ponte Vella á Tolda de Castela pola Vía Romana XIX.
Distancia: Ruta periurbana.
Observacións: Fácil; accesible a persoas en cadeira de rodas. 

PATRIMONIO

A RUTA DOS BESTILLEIROS,
A FEIRA DE ADAI
E A BATALLA DE CONTURIZ
Data: 13/11/2016
Itinerario: Romeán // Adai // Conturiz // San Román.
Distancia: 13 km.
Comer: Posibilidade de comer nas casetas da feira de Adai.

PATRIMONIO

A RIBEIRA ALTA DO MIÑO
E AS TORRES MEDIEVAIS
Data: 20/11/2016
Itinerario: Meilán // Bocamaos // Riazón // Aez // San Paio de Narla.
Distancia: 12 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.
Observacións: Visita a Santiago de Meilán.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

PEDRA, ARTE E PIEDADE:
OS CRUCEIROS
Data: 27/11/2016
Itinerario: Praza de Santa María // praza de Breña // Bagueixos // Bocamaos // Meilán // San Vicente do Burgo // Abeledo // Carballido // Cruceiro do Couto // Teixeira.
Distancia: 6 km.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.

DECEMBRO

NATUREZA

AS RIBEIRAS ALTAS, MIÑO ARRIBA
Data: 04/12/2016
Itinerario: Ruta circular que percorre as zonas altas do río Miño, comezando na Ponte Vella e volvendo cruzar o Miño na ponte da antiga estación elevadora de augas.
Distancia: 12 km.
Comer: Xantar de campo. Hai que levar bebida e comida propias.

XEOLOXÍA

VIÑOS, TAPAS E PEDRAS.
PASEO XEOGASTRONÓMICO
Data: 11/12/2016 das 11.30 ás 14.30 horas aprox.
Itinerario: Centro histórico de Lugo, parque Rosalía de Castro e rúa Montero Ríos.
Distancia: Ruta urbana.
Observacións: Fácil; accesible a persoas en cadeira de rodas. 

PATRIMONIO

AS PEGADAS DE ROMA
NA CIDADE DE LUGO
Data: 18/12/2016
Itinerario: Muralla // Centro arqueolóxico de San Roque // Casa dos Mosaicos // Domus do Mitreo // Ventás arqueolóxicas na cidade.
Distancia: Ruta urbana.
Comer: Posibilidade de xantar en restaurante.